

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DIA CATRO DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas trinta minutos, do día catro de marzo de dous mil dezaseis, reúnen os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Dario A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena e don José Manuel García Aldegunde.

Non asiste o señor concelleiro don Pablo Rivera Capón.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse o seguinte

1.-Aprobación, se procede da acta da sesión de data 05-02-2016

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión epigrafada, non producíndose ningunha a acta é aprobada por unanimidade.

2.- Comunicacions previas obras menores.

2.1.- Solicitud de licenza de don Rubén Menéndez Fernández en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A, para R.B.T.S, polígono 10, parcela 271, lugar de Armea (Láncara)

Visto o informe emitido polo arquitecto asesor municipal, colegiado nº 4289, e que resulta do seguinte teor literal:

“Refª.0160303.02

Expediente de autorización de las obras de canalización soterrada de baixa tensión, para atender a solicitud de servizo de enerxía eléctrica para una vivienda no núcleo rural de Armea, parroquia de San Pedro de Armea, Láncara, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Manuel López Guitar e que promove dona Angela López Piñeiro.

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colegiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Láncara, en relación ó asunto de referencia, INFORMO:

1º Que o lugar sobre a cal se pretende intervir atópase e terreos de protección da capela de Armea, ben recollida coa ficha 2.1-17 no catálogo do Pxom aprobado definitivamente o 22 de febreiro de 2013. Segundo o cal a capela catalógase coma:

PROTECCIÓN INTEGRAL DE GRAO II A

1º Onde especificase cas obras necesitarán informe favorable do organismo competente da consellería de cultura. Que é FAVORABLE.

2º Prohíbense así mesmo expresamente as actuacións dos particulares e empresas concesionarias de servizos, relativas a fixación de elementos estraños á natureza do propio elemento catalogado, tales como **liñas aéreas de redes de enerxía**, iluminación, etc. **POLO QUE É SOTERRADA**

E polo que se informa FAVORABLE a autorización da canalización soterrada de baixa tensión de aprox. 46 m mais a proxección aerea de baixa tensión de aprox 4

Base impositiva para a liquidación de ICIO segundo a ordenanza municipal reguladora do custo da execución de obras menores 2014, importe de 8.486,72 €”.

Logo de ler a autorización de 13 de xaneiro de 2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na que resolve autorizar o solicitado.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Tomar razón da verificación do cumprimento da normativa urbanística e técnica de aplicación, co deber de cumprir as condicións impostas no informe técnico antes transcrito, as condicións impostas pola xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras por un importe de **263,08 euros**.

3.- Escritos varios.

3.1.-Escrito de don Odón Castro Díaz solicitando renovación da tarxeta de estacionamento para persoas discapacitadas con problemas graves de mobilidade, solicitude coa que achega acreditación da súa condición de minusválido

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Estimar a solicitude formulada e, en consecuencia, conceder a D. Odón Castro Díaz a renovación da tarxeta de estacionamento para discapacitados, debendo aportar unha foto tamaño carnet; autorización de estacionamento de vehículo que poderá utilizar en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa titular da tarxeta ou condutor do vehículo ou non, en tódalas vías de titularidade municipal, agás en zonas e lugares prohibidos.

3.2.- Escrito de don José Luis Fernández Argiz, co que achega memoria urbanística asinada redactada pola enxeñeira técnica agrícola D^a Marta López Cepeda.

Na dita solicitude insta a que se continúe co expediente solicitado polo rexistro da Propiedade de Sarria.

No expediente consta comunicación do Rexistro da propiedade de Sarria de entrada o día 15 de decembro de 2015 comunicando a inscrición dunha declaración de obra nova ó abeiro do artigo 20.4 a) do Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño (redacción dada por lei 8/2013, de 20 de xuño)

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Devolver o expediente ó interesado por estar incompleta a documentación técnica achegada, toda vez que a conformidade coa normativa urbanística debe ser acreditada por técnico competente en canto ás condicións de uso e edificación.

4.- Aprobación do SAF mes de febreiro.

Vista a relación de usuarios do SAF básico/dependencia que achega a traballadora social do Concello correspondente ó mes de febreiro de 2016, cun total de 33 usuarios por importe de 3001,77euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar o Padrón de usuarios do SAF básico/dependencia

Segundo.- Dar conta á tesourería municipal para que proceda a cargar os recibos nas contas facilitadas polos interesados.

5.-Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2016.

Logo de examinar as seguintes facturas e a proposta de alcaldía e informe de intervención:

-Servital Servicios Sociosanitarios,S.L.,fac. nº 4907, servizo de axuda a domicilio, libre concurrencia, outubro, 147,62 euros

-Talleres Churrillo S.L., fac. nº 1918, pezas para o trator, 44,06 euros.

-María Gandoy Fernández, fac. nº 152, honorarios procuradora xuízo contra Concello de O Corgo, 479,97 euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación ao expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2016, recoñecendo e liquidando as correspondentes obrigas derivadas das facturas antes epigrafadas con cargo ao orzamento 2016 polos importes antes cifrados a favor dos respectivos acreedores”.

6.-Conta xustificativa de gastos do entroido.

Vista a acta do xurado desfile do entroido, de data 09-02-2016, otorgando os seguintes premios:

A.- Categoría individual infantil

1º premio: dotado con 50 €: “A raiña do papel”

2º premio: dotado con 30 €: “Chuco Jeep”

3º premio: dotado con 20 €: “Avatar”.

B.- Categoría parella infantil

1º premio: dotado con 70 €: “Coidado onde se meten os nenos”

2º premio: dotado con 60 €: “A galiña e a vaca tractorista”

3º premio: dotado con 50 €: “Dos góticas”.

C.- Categoría individual adulto

1º premio: dotado con 70 €: “O vello do Barredo”

2º premio: dotado con 60 €: “Celia Cruz”

3º premio: dotado con 50 €: “El negro del whatsapp recién llegado a Puebla”

D.- Categoría parellas adulto.

1º premio: dotado con 100 €: “Menudo Entroido”

2º premio: dotado con 80 €: premio deserto

3º premio: dotado con 60 €: premio deserto

E.- Categoría comparsas

1º premio: dotado con 200 €: “Ovos fritos con fundamento”

- 2º premio: dotado con 150 €: “Os emotirriquiños”
- 3º premio: dotado con 100 €: “As ovellas da Veiga”.

F.- Categoría carrozas:

- 1º premio: dotado con 300 €: “La gran boda de Aitana y Hugo”
- 2º premio: dotado con 170 €: premio deserto
- 3º premio: dotado con 70 €: premio deserto

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación á conta xustificativa autorizando o pagamento dos importes ofrecidos como premios en metálico ós seguintes beneficiarios:

A.- Categoría individual infantil

- 1º premio: Yolanda Fernández Varela, 50 euros.
- 2º premio: Mónica Brea Franco, 30 euros.
- 3º premio: Trinidad Arias Pérez, 20 euros.

B.- Categoría parella infantil

- 1º premio: Javier Freire Gaceo, 70 euros.
- 2º premio: Montserrat García Puebla, 60 euros.
- 3º premio: Alberto Fontela Rodríguez, 50 euros.

C.- Categoría individual adulto

- 1º premio: José Reija González, 70 euros.
- 2º premio: Tania Fernández Amado, 60 euros.
- 3º premio: Eva Mª Mon Pérez, 50 euros.

D.- Categoría parellas adulto.

- 1º premio: Javier Freire Gaceo, 100 euros.

E.- Categoría comparsas

- 1º premio: Mª José Fernández Meilán, 200 euros.
- 2º premio: Mónica Brea Franco, 150 euros.
- 3º premio: Martín Vázquez Blanco, 100 euros.

F.- Categoría carrozas:

- 1º premio: Lorena Villaverde Vázquez, 300 euros.

7.-Proposta da alcaldía de interposición de demanda civil contra Globalis Grupo Mutua Madrileña.

Visto o Informe pericial de D. Javier de Andrés Gamazo, arquitecto COAM nº 17277, perito de seguros APCAS, sobre valoración danos sinistro en San Xoan de Muro, polo vehículo matrícula 2977 GBK, logo de rexeitar esta xunta de goberno local a indemnización ofrecida por importe de 7.523,28 euros, xa que tal e como consta no expediente os gastos soportados polo Concello de Láncara ascenden a *9.871,16 euros, importe do que se lle deu traslado a Globalis Mutua Madrileña no mes de abril de 2015, sen que constara aceptación nin rexeitamento do presuposto presentado para reparar os danos, nin consta peritación previa contraditoria dos danos por parte dos técnicos da compañía.*

Entendendo que a negativa de sufragar todos os gastos en que incorreu o Concello de Láncara é lesiva ós intereses deste Concello, e visto o informe xurídico emitidos ó efecto.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Confirmar o acordo de 15 de xaneiro de 2016 que textualmente di:

Primeiro.- Rexeitar a proposta de indemnización ofrecida por Globalis Mutua Madrileña, nº de expediente do sinistro 6.014.635/2015 RC, recibida o día 18 de decembro de 2015, considerando so satisfactorio para esta administración unha indemnización que alcance a totalidade dos gastos ocasionados por importe de 9.871,16 euros, reintegrando a este Concello o importe satisfeito pola reparación dos danos causados no tendido eléctrico municipal na parroquia de San Xoan de Muro, p.k. 5800 da estrada A Pobra de San Xiao-Carracedo, deste Concello de Láncara, con data 3 de marzo de 2015, polo camión modelo Mercedes Benz 1824L, matrícula 2977 GBK propiedade da mercantil Gestora de Subproductos de Galicia, SL, con domicilio en Lg de Areosa, s/n- Queixas, 15186 Cerceda (A Coruña), vehículo asegurado nesa compañía co número de póliza E-1781/15 6188063, dando así por resolto o sinistro 6.014.635/2015 RC.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó servizo de asesoramento xurídico da Deputación Provincial de Lugo ós efectos de interposición de demanda civil para reclamar a indemnización dos danos ocasionados contra Globalis Mutua Madrileña, outorgando a defecsa deste Concello ó Gabinete de Asesoramento e Defensa Xurídica das Corporacións Locais da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

8.- Recoñecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.

Logo de ver as seguintes facturas:

8.1.- José Manuel Fernández López, fac. nº 2, actividade físico-deportiva Fu Wu Shu mes de febreiro, 272,25 euros.

8.2.- Overlease., fac. V216008391, aluguer batería vehículo 6659 HTK correspondente ó mes de marzo, 118,42 euros.

8.3.- Benjamín Fernández Vázquez, Iluminaciones Fernández, fac nº 06, once arcos iluminación nadal, 1730,30 euros.

8.4.- José Ángel López Pérez, fac. nº 03, honorarios servizo asesoramento urbanístico mes de febreiro, 1.210,00 euros.

8.5.- Limpergal, S.L., fac. nº 44041, servizos limpeza dependencias municipais febreiro, 845,43 euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan polos importes cifrados a favor dos respectivos acredores.

9.- Recoñecemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.

Logo de ver as seguintes facturas:

9.1.- Droga Conde, S.A., fac. nº 160631, 25 litros de hipoclorito sódico, 453,75 euros.

9.2.- Arturo Rivera Díaz, fac. nº 27, diverso material servizos municipais, 138,50 euros.

9.2.- Centro de Estudios Homologados Norte SLU, fac. nº A16000007, vinte sesión de clases de inglés decembro, xaneiro e febreiro, 700,00 euros.

9.3.- Setramur S.L., fac. nº 002107, sinais verticais, 113,14 euros.

9.4.- Moleskine ,S.L., fac. nº 98, portadas para encadernar negras e transparentes, 29,52 euros.

9.5.- Talleres Churrillo S.L., fac. nº 204, vidro traseiro vehículo municipal, 249,47 euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan a favor dos respectivos acredores e simultaneamente, autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

10.- Asuntos de urxencia.

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as trece horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta que como Secretaria, certifico.